

**MOCIÓN SOBRE REPROBACIÓN DO CONCELEIRO DE INFRAESTRUTURAS,  
PATRIMONIO, SEGURIDADE CIDADÁ, TRÁFICO, TRANSPORTES E INTERIOR.**

PLENO 26 NOVEMBRO 2015. ACTA 21/2015

“Vista a xestión deste concelleiro, ou mellor dito, a falta de xestión en todos os temas que leva (problemas da veciñanza coa ampliación da AP-9, taxis, terrazas, tráfico, emerxencias...).

Visto que moitas veces atranca e/ou non responde aos rexistros desta Agrupación, nin ás peticións por rexistro da veciñanza, negando o dereito á información pública.

Vista a súa forma de traballar, a cal non nos parece axeitada para un concelleiro de goberno, facendo xestións orais con outros organismos sen constancia escrita tanto da petición como da resposta dada.

Visto que neste novo mandato atopámonos con que o propio concelleiro se facía unha pregunta a el mesmo no pleno, sen que a oposición poida intervir, descubriendo un novo exercicio de esperpento partidista.

Visto que cando esta Agrupación, despois de comprobar que non responden aos seus rexistros, fai preguntas concretas para fiscalizar e informar, este concelleiro responde con evasivas e frases abstractas en vez de dar unha resposta concreta e dar conta do que fai ou do que non fai un concelleiro de goberno do noso Concello; facendo gala dun inadmisíbel talante antidemocrático.

Todo exposto anteriormente é demostración da incompetencia de Arturo González para estar á fronte dunha concellería, polo que a Agrupación de Electores de Redondela propón ao pleno do Concello o seguinte acordo:

Reprobación de Arturo González Barbeiro, concelleiro de Infraestruturas, Patrimonio, Seguridade Cidadá, Tráfico, Transportes e Interior.

**VOTACIÓN E ACORDO.-**

*Sometida a votación a moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo once votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG), nove votos en contra (9 do PP) e unha abstención (1 da concelleira non adscrita)*